

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Bases e convocatoria do proceso selectivo para a ampliación da bolsa de emprego da contratación laboral temporal de auxiliares de Policía Local ao longo do ano 2021

ANUNCIO

Bases e convocatoria do proceso selectivo para a ampliación da bolsa de emprego da contratación laboral temporal de auxiliares de Policía Local ao longo do ano 2021

Na Xunta de Goberno Local do Concello de Porto do Son de data 06/07/2021 se adoptou o seguinte acordo:

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL AO LONGO DO ANO 2021.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria é a ampliación da bolsa de emprego Auxiliares de Policía Local, como contratación laboral temporal, a través do proceso de selección de oposición libre, que desempeñarán as funcións de apoio e de auxilio ós membros do Corpo da Policía Local, no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade.

Os/as integrantes da bolsa de emprego aprobada por Decreto de Alcaldía núm. 2021/816 de data 02/07/2021, non precisan volver a presentar a solicitude de participación. Enlace a bolsa de emprego aprobada:

<https://portodoson.gal/attachments/article/1932/DECRETO%202021-0816%20aprobando%20bolsa%20emprego%20aux.%20Polic%C3%ADa%20Local%20actualizada%20xullo%202021.pdf>

2ª.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de contrato eventual por circunstancias da produción, previsto no artigo 3 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e a súa duración será determinada no momento da sinatura do contrato.

Os contratos serán por xornada semanal a tempo completo, que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, en quendas de mañá, tarde ou noite, durante tódolos días da semana, segundo a organización do Servizo, cos descansos semanais que lles correspondan.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ós postos de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no Orzamento Municipal vixente.

3ª.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo, poderán participar, en igualdade de condicións que os españois, os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto

c) Ter cumpridos os dezaioito anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima establecida no artigo 53.1.c) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

d) Non ter sido condenado/a por delito doloso nin separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

e) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente ou en condicións de obtelo na data en que termine o prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar a súa homologación.

f) Ter unha estatura mínima de 1,65 metros, no caso dos homes, e 1,60 metros, no caso das mulleres.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante o procedemento de selección, contratación e/ou permanencia na listaxe de reserva.

4ª.- SOLICITUDES.

As persoas que pretendan participar no proceso de selección presentarán unha solicitude dirixida ao Sr. alcalde-presidente deste concello, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Terceira desta convocatoria.

Á solicitude de inscrición deberá acompañarse, en todo caso, copia da autoliquidación, debidamente ingresada correspondente ao dereitos de exame (Subgrupo C1/C2 ou persoal laboral equivalente, importe 10,00 €). A falla de pagamento da taxa en prazo, determinará a inadmisión do aspirante nas probas selectivas. No caso de que a persoa figure coma demandante de emprego cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data da convocatoria das probas selectivas, deberá acreditar a circunstancia anterior mediante presentación de certificado de desemprego emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda.

As citadas solicitudes presentaranse pola sede electrónica do concello (<https://portodoson.sedelectronica.gal/info.0>) ou no Rexistro xeral do Concello no prazo de **5 días hábiles** a partir do seguinte ó da publicación desta convocatoria no BOP da Coruña.

Así mesmo poderanse presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, neste caso, os/as concursantes deberán comunicalo mediante correo electrónico ao concello (secretaria@portodoson.gal) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Se os interesados non presentan as súas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son ou a través da sede electrónica, deberán remitir copia ao enderezo electrónico secretaria@portodoson.gal durante o prazo de presentación, a fin de pospoñer a elaboración da relación de aspirantes admitidos e excluídos ata recibir todas as instancias presentadas.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

Coa instancia os aspirantes deberán achegar copia dos seguintes documentos:

- a) Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- b) Copia da titulación académica esixida na letra c) da Base 3ª.
- c) Certificado médico en impreso oficial no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para realizar cada un dos exercicios físicos previstos neste proceso selectivo.

Este certificado deberá presentarse en documento orixinal, non admitíndose fotocopia do mesmo. A súa data de expedición non poderá ser anterior ao ano 2021, e será imprescindible para ser admitido á realización do exercicio que valore a súa aptitude física. Se por causas non imputables ó interesado este non puidese presenta-lo mencionado documento médico no indicado prazo poderase presentar posteriormente, en todo caso, sempre antes do inicio do exercicio.

- c) Copia do título que exige a realización da proba de lingua galega.

- d) Documento de autoliquidación e xustificante bancario do seu aboamento ou de ser o caso: certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda, no que se indique que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

5ª.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na web municipal (www.portodoson.gal), no apartado “emprego”.

Os/as aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, na forma establecida no artigo 68 da Lei 39/2015.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal (www.portodoson.gal), no apartado “emprego”.

Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora da celebración do primeiro exercicio, así como a composición do Órgano de selección.

A inclusión dos/as aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 11ª.

6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do Tribunal cualificador do proceso selectivo serán designados polo alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 20/2005, do 29 de abril, do empregado público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade das persoas que o integren. A súa composición farase pública na mesma Resolución de Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: presidente/a, secretario/a e tres vogais. Tamén serán nomeadas persoas suplentes.

Os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público. Asemade, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 24 da mesma lei.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

O Tribunal poderá solicitar a incorporación aos seus traballos, con voz pero sen voto, de asesores/as especialistas para as probas nas que o estime conveniente.

O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

As persoas que integran o Tribunal están suxeitas ó disposto no artigo 29 e seguintes do Real Decreto 462/2020, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

7ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

O procedemento de selección será o de oposición por quenda libre, e posteriormente as persoas que superen este proceso selectivo serán contratadas en réxime laboral temporal no concello ou formarán parte da listaxe de reserva.

A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo Tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

Comezada a práctica dos exercicios, o tribunal poderá requirirllles en calquera momento aos opositores que acrediten a súa identidade.

A publicación dos resultados obtidos en cada un dos exercicios, así como os anuncios convocando ós aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase exclusivamente no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na web oficial do Concello, no apartado no emprego.

De acordo co previsto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, as probas para a selección de auxiliares contratados polos concellos, son as que se describen a continuación (Anexo VII da Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos

corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada (DOG. número 22, da data 02/02/2009; corrección de erros DOG. número 31, da data 13/02/2009).

Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas como colaboradoras.

Durante o tempo fixado para realizar as probas non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria; queda prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos e constitúe causa de inadmisión ao chamamento a súa simple tenza.

1.- COMPROBACIÓN DA ESTATURA E PROBAS DE APTITUDE FÍSICA.

- A.1.- COMPROBACIÓN DA ESTATURA.

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

- A.2.- PROBAS FÍSICAS.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

A.2.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

- Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm.	33 cm.	29 cm.
Mulleres	32 cm.	28 cm.	25 cm.

A.2.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo ou grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4´30´´	5´00´´	5´15´´
Mulleres	5´00´´	5´30´´	5´45´´

Para realizar esta proba as persoas aspirantes deberanse presentar provistas de indumentaria deportiva.

2.- PROBA DE COÑECEMENTOS.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 50 preguntas tipo test e deberase amosar o dominio dos contidos do temario

Para cada cuestión proporanse catro respostas alternativas, das cales só unha delas será a correcta. As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo dunha (1) hora para a súa realización.

A proba cualificará o tribunal de 0 a 10 puntos, e será preciso acadar cinco puntos como mínimo para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: $N=(A-F/3)/5$, onde N=nota final da proba; A=preguntas acertadas; F=preguntas erradas ou en branco.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do temario que no momento da publicación desta orde contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

O temario para a realización desta proba de coñecementos é:

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e delitos leves. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

3.- COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo/as ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 3, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007.

8ª.- FORMACIÓN DA LISTAXE PARA A REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal procederá á formación da listaxe, por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e que determinará a orde de prelación para a súa contratación.

Publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, así como na súa páxina web no apartado de emprego.

A listaxe referida aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía coa seguinte vixencia:

- Esta listaxe terá unha duración máxima dun tres anos, sen prexuízo de que, en calquera momento, o Concello poida acordar a súa extinción mediante a convocatoria dun novo proceso selectivo.

- A inclusión na listaxe non supón en si mesma un dereito á contratación, sendo exclusivamente a súa función a de servir de relación ordenada e baremada das persoas que poidan ser chamadas para cubrir os postos de traballo antes referidos.

É dicir, os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente, por orde de puntuación

A puntuación das persoas aspirantes que superen todas as probas do proceso se lectivo virá determinada pola puntuación do segundo exercicio

No suposto de empate, terase en conta o establecido no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, segundo o cal o empate se resolvera a favor da muller.

Se isto non for suficiente, o menor tempo acadado na proba de resistencia xeral, carreira de 1.000 metros lisos, que se aplicará en función dos tramos de idade e sexo previstos nos baremos correspondentes.

De persistir o empate, terase en conta a maior puntuación, dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. Alcalde queda autorizado a convocalo novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

9ª.- CURSO DE FORMACIÓN.

As persoas aspirantes aprobadas e as incluídas na listaxe de reserva deste proceso selectivo **deberán superar un curso de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para ser contratadas como auxiliares de policía local**, de conformidade co disposto no artigo 95.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 48 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

Só estarán dispensadas de realizar este curso aquelas persoas que xa o realizasen durante os últimos catro anos (con data 2018 ou posterior).

Os gastos que se deriven pola asistencia ó referido curso serán a cargo dos aspirantes.

10ª. PROCEDIMENTO PARA O CHAMAMENTO.

Producida a necesidade de realizar a contratación, procederase ao chamamento sucesivo daquelas persoas aspirantes por orde de lista, debendo as persoas interesadas manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de un (1) día hábil dende a notificación da oferta por parte do Concello, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará á seguinte persoa da lista.

A notificación practicarase coa persoa interesada vía telefónica polo menos dúas veces en horas distintas, do cal quedará a debida constancia no expediente mediante dilixencia entendida ao efecto.

No caso de manifestar a persoa seleccionada o seu interese, deberá presentar a documentación que se lle requira, segundo o establecido nestas bases.

Os/as integrantes da listaxe que, sendo chamados para facer efectiva a contratación, renuncien ou non comunicaran no prazo indicado o seu interese por escrito, pasarán a ocupar o último lugar da lista. As persoas que integran a bolsa poderán en calquera momento pedir a baixa definitiva nesta, mediante solicitude dirixida ao alcalde-presidente.

11ª.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Cando os/as aspirantes sexan chamados/as para a cobertura das eventuais necesidades, con carácter previo ao seu nomeamento, deberán presentar no departamento de Secretaría, no prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir da súa conformidade, a seguinte documentación:

a) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza xudicial firme.

b) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

d) Número de afiliación á Seguridade Social.

e) Número de conta bancaria da que sexa titular.

No caso de que o/a aspirante nunca estivera de alta na Seguridade Social, copia do documento de afiliación á Seguridade Social.

O aspirante que no prazo sinalado na base anterior non presente a documentación esixida, agás causa de forza maior, ou non reunise os requisitos esixidos non poderá ser contratado e quedarán anuladas tódalas súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incurrir por falsidade.

12ª.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na Lei de Coordinación das Policía Local de Galicia, no Real Decreto 896/1991, no Real Decreto 364/1995, no Decreto 204/2000 de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I

DATOS DO SOLICITANTE	
Nome e apelidos	
NIF	
Enderezo a efectos de notificación	
Municipio, Código Postal e Provincia	
Teléfono	
Correo electrónico	

EXPÓN:

Vista a convocatoria do proceso selectivo para a contratación de auxiliares de policía local.

SOLICITA:

A súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a seguinte documentación:

- a) Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- b) Copia da titulación académica esixida na letra c) da Base 3ª.
- c) Certificado médico en impreso oficial no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para realizar cada un dos exercicios físicos previstos neste proceso selectivo. Este certificado deberá presentarse en documento orixinal, non admitíndose fotocopia do mesmo. A súa data de expedición non poderá ser anterior ao ano 2021, e será imprescindible para ser admitido á realización do exercicio que valore a súa aptitude física. Se por causas non imputables ó interesado este non puidese presenta-lo mencionado documento médico no indicado prazo poderase presentar posteriormente, en todo caso, sempre antes do inicio do exercicio.
- d) Copia do título que exime a realización da proba de lingua galega.
- a) Documento de autoliquidación e xustificante bancario do seu aboamento ou de ser o caso: certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda, no que se indique que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate.

Realizar os exercicios da fase de oposición na lingua que se indica: telán go

En Porto do Son, _____ de _____ de 2021.
(sinatura)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

MODELO DE AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS

Datos do solicitante

Nome e apelidos			
D.N.I./N.I.F		Teléfono	
Domicilio			
Email			

Datos do representante

Nome e apelidos			
D.N.I./N.I.F		Teléfono	
Domicilio			
Email			

CONCEPTOS

17. Celebración de matrimonios civís			
	Cerimonia	Salón de Plenos/Alcaldía	Outros lugares
a	Luns a venres (días hábiles) Horario: de 12.00 a 15.00 horas Lugar de celebración: Alcaldía Asisten: contraentes e as dúas testemuñas	30,00 €	-
b	Luns a venres (días hábiles) Horario: de 12.00 a 15.00 horas Asisten: contraentes, testemuñas e invitados	50,00 €	80,00 €
c	Luns a venres (días hábiles) Horario: de 18.00 a 20.00 horas	100,00 €	150,00 €
d	Sábados Horario: de 12.00 a 15.00 horas Horario: de 18.00 a 20.00 horas	150,00 €	200,00 €
18. Dereitos de exame			
	Probas selectivas para:	Euros	
a	Subgrupo A1 ou persoal laboral equivalente	25,00 €	
b	Subgrupo A2 ou persoal laboral equivalente	20,00 €	
c	Grupo B ou persoal laboral equivalente	15,00 €	
d	Subgrupo C1/C2 ou persoal laboral equivalente	10,00 €	
e	Agrupacións profesionais ás que fai referencia a disposición adicional sétima do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou persoal laboral equivalente	5,00 €	

LIQUIDACIÓN

Nº Tarifa	Importe parcial
IMPORTE TOTAL A INGRESAR	

Consentimento e deber de información ós interesados sobre Protección de datos

- Fun informado de que esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.
- Presto o meu consentimento para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables.

Porto do Son, ____ de ____ do 20__
Asdo.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PORTO DO SON

NON SE LIQUIDARAN AS TAXAS DAS QUE RESULTEN DÉBEDAS INFERIORES A 3,5 EUROS

FORMA E LUGAR PARA REALIZAR O PAGO: O pago deberá realizarse mediante ingreso na conta bancaria que o Concello de Porto do Son ten na entidade bancaria: **ABANCA Corporación Bancaria S.A. : IBAN ES24 2080 0312 45 3110000102**

Este documento non será válido se non se acompaña do correspondente xustificante bancario do pago.
Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Porto do Son relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicie o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

Porto do Son, 7 de xullo de 2021

O Alcalde

Asdo.: José Luis Oujo Pouso